



Disposición final única

La presente ordenanza fiscal entrará en vigor el día siguiente de su publicación íntegra en el BOP permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

Anexo de categorías de calles

Categoría 1.- C/ Doctor Vila, C/ Progreso-Campogrande (desde C/ Real hasta Avda. de Vilela, Plaza J. Antonio Freire, C/ Telesforo Ojea, C/ Padre Feijoo, C/ Silveira, C/ Circunvalación (desde Estación Ferrocarril hasta cruce Campogrande, C/ Cervantes, C/ Benito Fernández, C/ Doctor Fléming, C/ Velázquez.

Categoría 2.- C/ Coruña, C/ Lugo, C/ Ourense, C/ Rosalía de Castro, C/ Curros Enríquez, C/ Dous de Maio, C/ Brasil, C/ Argentina, C/ Venezuela, C/ Campogrande (desde Avda. Vilela hasta Camiño Novo, C/ San Antón, Plaza Enriqueta Casanova.

Categoría 3.- Resto de calles y plazas del ayuntamiento.

A Rúa de Valdeorras, 21 de agosto de 2018. El alcalde.

Fdo.: Luís Fernández Gudiña.

R. 2.638

A Rúa

Anuncio

Unha vez transcurrido o prazo de exposición pública da Ordenanza reguladora da ocupación de dominio público local, con terrazas, veladores e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, presentáronse dúas reclamacións en tempo e forma ao acordo plenario adoptado en sesión que tivo lugar el día 7 de maio de 2018, de aprobación provisional da dita ordenanza. As ditas reclamacións desestimounas o Pleno da Corporación, por maioría absoluta en sesión extraordinaria realizada o día 30 de xullo de 2018, procedendo á súa aprobación definitiva.

Así pois, en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, publícase, como anexo a este anuncio, o texto íntegro da dita ordenanza.

Contra este acordo definitivo de aprobación da ordenanza, os interesados poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o TSXG no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación”.

A Rúa de Valdeorras, 21 de agosto de 2018. O alcalde.

Asdo.: Luís Fernández Gudiña.

Ordenanza reguladora da ocupación de dominio público local con terrazas, veladores e outros elementos análogos con finalidade lucrativa

Exposición de motivos

O importante desenvolvemento de diferentes sectores económicos (hoteleiro, florarías, ferraxerías, librarías, etc...) no Concello da Rúa nos últimos anos ten provocado que a normativa existente a día de hoxe no termo municipal sexa obsoleta. Ante esta realidade preséntase a necesidade de ofrecer ás/aos titulares deste tipo de instalacións un marco normativo máis amplo do que existe na actualidade, que recolla as novas especificidades dos sectores citados e que permita maiores posibilidades e modalidades de desenvolvemento da actividade.

Este documento pretende, ao tempo, introducir precisións que contribúan a que as zonas de tránsito público usadas polas veciñas e veciños sexan lugares máis modernos, habitábeis, transitábeis e humanizados. O obxectivo final é mellorar a convivencia cidadá entre todas as persoas que habitan o Concello da Rúa.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico ao que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público municipal (ou destinados a dominio público) mediante a súa ocupación temporal con terrazas, veladores e elementos auxiliares destas mesmas así como expositores doutros produtos que constitúan un complemento da actividade que se vén exercendo en establecementos anexos abertos ao público legalizados de hostalería, librarías, ferraxerías, florarías, etc...

Artigo 2. Concepto

1. Para os efectos desta ordenanza entenderase por terraza todo uso de solo de dominio público, con independencia da súa titularidade, susceptible de aproveitamento relacionado coas actividades anexas propias da hostalaría mediante a colocación de mesas, cadeiras, antucas, pescantes, toldos, cubricións, proteccións laterais, iluminación, dotacións de calor, xardineiras... Tamén son elementos vinculados ás terrazas os toldos móbiles e as tarimas.

A terraza estará situada en liña de fachada ou fronte aos establecementos, podendo ocupar espazos contiguos sempre e cando se teña autorización expresa da persoa ou persoas propietarias, comunidades de veciños dos edificios ou negocios contiguos. Non terá barra de servizo distinta á do propio local (salvo no disposto no artigo 4.6) e será entendida como zona de extensión da actividade que se exerce dentro do establecemento fixo, sempre con carácter temporal.

2. En sectores distintos aos de hostalería o uso do dominio público entenderase como zona de extensión da actividade que se exerce dentro do establecemento correspondente.

Capítulo II. Réxime xurídico

Artigo 3. Licenzas

A ocupación de terreos de dominio público definidos no artigo 2 suxeitarase en todo caso á licenza administrativa correspondente.

No caso de que a terraza se sitúe en dominio público municipal, a licenza solicitarase conxuntamente coa autorización para a ocupación do dominio público.

En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou do plan urbanístico.

En todo caso a solicitude de licenza cumprirá o establecido na lexislación vixente.

A instalación quedará suxeita ás potestades municipais de comprobación, control e sanción.

Artigo 4. Prohibicións

1. Queda prohibida a ocupación polas terrazas e os seus elementos de entradas a galerías visíbeis, bocas de rego, hidrantes de incendio, saídas de emerxencia, paradas de transporte público regularmente establecidas, aparatos de control de tránsito, centros de transformación e arquetas de rexistro de servizo público, pasos peonís sinalizados, vaos permanentes, caixas de correos. En todo caso, deberá quedar libre a totalidade do sistema de evacuación de augas así como todos os elementos que o compoñen para o seu correcto funcionamento.

2. Non poderán colocarse terrazas nin veladores en beirarrúas ou espazos peonís cando estes teñan unha anchura inferior a dous metros con trinta centímetros (2,30 m).

3. Non poderá colocarse ningún elemento que dificulte a manobra de entrada e/ou saída de vaos permanentes de paso de vehículos.

4. En ningún caso se poderán colocar elementos fixos ou permanentes cuxa colocación ou desmontaxe requira da realización dalgunha obra especial, agás os toldos. Así, por exemplo,



non se atopan amparados coa licenza de terraza as casetas, quioscos ou similares. Será facilmente desmontable, sen estruturas nin ancoraxes e deberá permanecer recollida fóra do horario de apertura do establecemento.

5. Queda absolutamente prohibida a instalación de billares, futbolíns, máquinas recreativas, de azar, expendedoras de bebidas, tabaco, grellas, neveiras e elementos análogos nas terrazas obxecto de regulación na presente ordenanza.

6. Queda estritamente prohibida a instalación de barras de servizos salvo autorización expresa do concello.

7. Non se concederá autorización para instalar terrazas e veladores de maneira suficientemente razoada de xeito temporal por razóns de seguridade viaria, obras públicas ou privadas, actividades municipais de interese público mentres duren as devanditas obras ou persistan tales razóns de interese público.

8. Deberán deixarse libres de paso os accesos de saída ou entrada as escaleiras, ramplas, accesos a inmobles e todas as saídas de emerxencias.

9. En ningún caso a instalación conformará un volume.

Artigo 5. Actividades incluídas

A licenza para a ocupación do espazo público con terrazas ou outro tipo de actividade dará dereito a expender e consumir no mesmo os mesmos produtos que poidan selo no interior do establecemento do cal dependen.

Artigo 6. Actividades excluídas

Esta ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación da vía pública que, sendo de carácter hostaleiro, se realicen con ocasión de feiras, festexos (salvo a Festa do Verán), actividades deportivas ou análogas, que se suxeitarán ás súas normas específicas.

Artigo 7. Efectos

1. Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. O exercicio da actividade realizarase a risco de ventura das/os interesadas/os.

2. A licenza non poderá ser arrendada, subarrendada nin cedida, directa ou indirectamente, en todo ou en parte.

Artigo 8. Dereitos da/o autorizada/o

A/o titular da licenza terá dereito a exercer as actividades nos termos previstos na propia licenza, con suxeición ás prescricións establecidas nesta ordenanza e demais preceptos legais aplicábeis.

Artigo 9. Excepcións

1. A pesar do establecido no artigo anterior, cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización ou de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, o concello poderá revocar ou suspender a licenza concedida sen dereito a indemnización a favor da/o interesada/o. Neste caso devolveráselle, a requirimento da/o titular da licenza, a parte da taxa que corresponda proporcionalmente ao tempo en que non poida manter instalada a terraza.

2. Para o caso de que puntualmente sexa preciso a utilización do dominio público para o que se concedeu a licenza de ocupación para a celebración de actividades municipais requirirase a retirada sen dereito a indemnización algunha.

Artigo 10. Obrigas

1. Serán por conta da/o titular da licenza a instalación dos elementos e a realización, á súa costa, das obras necesarias para a instalación dos toldos, para o cal, deberá estar en posesión da correspondente licenza.

2. Será obriga das/os titulares da ocupación do espazo público manter as mesmas e os elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para tales efectos, estarán obrigadas/os a dispor dos elementos de reco-

llida e almacenamento dos residuos que puidesen lixar o espazo público. Tamén lles corresponde ás/aos titulares das terrazas e demais expositores a limpeza das beirarrúas e recollida de mesas, cadeiras e demais elementos para o interior do establecemento. Non obstante, poderán quedar apiñadas na beirarrúa para o día seguinte, sen que se aten a elementos do mobiliario urbano, para o caso de que se continúe ao día seguinte coa utilización da terraza. Polo tanto será preceptivo a recollida dos elementos da terraza para o caso de que climatoloxía non fora posible o uso da terraza para a finalidade para a que se concedeu e tamén para o caso de que sexa ordenada a retirada nocturna polo concello.

3. Unha vez rematado o período de instalación sinalado na licenza, a/o titular da mesma deberá deixar completamente expedita a porción de solo público que viñese ocupando, retirando todos os elementos que o ocupan á maior brevidade posible e sempre dentro dos 15 días seguintes. Isto mesmo aplicarase no suposto de peche da actividade.

En caso de incumprimento, serán retirados polo concello mediante execución subsidiaria a costa da/o titular, sen prexuízo do expediente sancionador que se inicie.

Este feito poderá dar lugar á inhabilitación para sucesivas autorizacións.

4. Queda prohibido almacenar xunto ás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles (mostradores e cámaras), así como residuos propios da instalación, tanto por razóns de estética e ornato, como por hixiene.

5. Será obrigatorio, para poder instalar terrazas anexas a establecementos sitos en inmovible ou local, que o titular deste teña concertado un seguro de incendios do local e de responsabilidade civil por danos aos concorrentes e terceiros, derivados das condicións do local, así como do persoal que preste os seus servizos no mesmo, que inclúa tanto o local propiamente dito, como os seus anexos, incluída a terraza.

6. A instalación de estufas exteriores deberá axustarse as esixencias da normativa vixente e correspondentes homologacións.

Artigo 11. Suspensión e sancións

A Alcaldía, sen prexuízo das delegacións que estableza, a través da Policía Local, será competente para controlar o estrito cumprimento das normas establecidas nesta ordenanza, así como para a imposición das sancións.

Artigo 12. Horarios

1. O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

a. Horario de inicio: con carácter xeral, será ás 8.00 h. Naqueles establecementos nos que o horario de apertura sexa posterior ás 8:00 horas, o inicio da actividade da terraza coincidirá con el.

b. Horario de peche:

> Nos meses de xaneiro a xuño e de setembro a decembro será: de domingo a xoves, ás 00.30 h e os venres, sábados e vésperas de festivo, ás 01.30 h.

> Durante os meses de xullo e agosto: ás 02.30 h.

2. Poderase solicitar co horario de funcionamento da terraza coincida co da licenza de actividade cando o local se sitúe en contornos exentos de usos residenciais ou sanitario; onde non exista risco de perturbación do descanso nocturno.

3. Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados por circunstancias xustificadas dentro dos marxes que concede a lexislación vixente. Así mesmo poderán realizarse, mediante bando, modificacións temporais do horario por fechas concretas de interese do concello, época de festas, etc...

Artigo 13. Infraccións

As infraccións das normas contidas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.



1.- Son faltas leves:

- a) A ocupación do espazo público sen obter a autorización preceptiva.
- b) O incumprimento da obriga de manter as terrazas e cada un dos elementos instalados nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
- c) O deterioro leve dos elementos de mobiliario e ornamentos urbanos lindeiros co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- d) O incumprimento do horario de peche en menos dunha hora.
- e) A ocupación de maior superficie autorizada, en menos do 25%.
- f) Non recoller as mesas, cadeiras e demais elementos para o interior do establecemento cando proceda.
- g) Apiñar os elementos na beirarrúa para o día seguinte atando os elementos ao mobiliario urbano.
- h) Almacenar xunto as terrazas produtos, materiais e elementos móbiles
- i) Calquera outro incumprimento das previsións desta ordenanza que non constituía falta grave ou moi grave.
- j) A instalación de mesas e cadeiras en número maior dos autorizados.

2.- Son faltas graves:

- a) A comisión de tres faltas leves ao cabo dun ano cando así se declarese por resolución firme.
- b) O incumprimento do horario de peche en máis de 1 hora.
- c) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 25 por cento e en menos do 75 por cento ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.
- d) O deterioro grave dos elementos do mobiliario urbano.
- e) Non deixar completamente expedita a porción de solo público que viñese ocupando unha vez rematado o período de instalación.
- f) Non ter concertado un seguro de incendios do local e de responsabilidade civil por danos aos concorrentes e terceiros que inclúa tanto ao local propiamente dito, como aos seus anexos, incluída a terraza.
- g) A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas, ou autorizadas pero fóra do horario ao que se limitaran.
- h) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación

7. presentados para a obtención da correspondente autorización.

- i) A non presentación do documento de autorización aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
- j) A instalación de barras, billares, futbolíns, máquinas recreativas, de azar, expendedoras de bebidas, neveiras, grellas e elementos análogos nas terrazas.

3.- Son faltas moi graves:

- a) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 75 por cento.
- b) O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou funcionamento dun servizo público ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións de servizos públicos, espazos públicos ou calquera das súas instalacións.
- c) A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de forma expresa.
- d) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora, cando disto derive unha perturbación relevante da

convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.

e) A desobediencia ós lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.

f) A venda de produtos alimenticios non autorizados.

Artigo 14. Sancións

1. As infraccións á ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas como segue:

- a) As faltas leves sancionaranse con multa de 60 a 300 €.
- b) As faltas graves sancionaranse con multa entre 301 a 600 €.
- c) As faltas moi graves sancionaranse con multa entre 601 e 2.000 €, podendo incluso ser revogada a licenza.

2. Na imposición das sancións, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción contida e a sanción aplicada, debéndose utilizar para a súa gradación a existencia de intencionalidade ou reiteración, natureza dos prexuízos causados, reincidencia na comisión ao cabo dun ano de tres infraccións da mesma natureza cando así o declare resolución firme e ao beneficio obtido coa súa realización.

3. A imposición das sancións requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, que se tramitará consonte ao disposto na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común e o seu regulamento

de desenvolvemento. O acordo de iniciación poderá ordenar a adopción de medidas provisionais que resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidera recaer, tales como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do seu funcionamento.

4. Os prazos de prescrición das infraccións e sancións serán os previstos na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común.

Capítulo III. Condicións particulares das licenzas

Artigo 15. Capacidade para solicitar a licenza

1. Poderán solicitar a licenza para este tipo de ocupacións as/os titulares dos establecementos descritos no artigo 2 desta ordenanza, sempre que a actividade se desenvolva coa lexislación xeral e sectorial que regula esta.

2.- A taxa que por este concepto deberá pagar o titular da licenza será a que a tales efectos se fixe na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 16. Requisitos da solicitud

1. A data tope para solicitar a licenza será o 31 de marzo de cada ano, agás para os establecementos de nova apertura.

2. As licenzas solicitaranse perante a/o alcaldesa/alcalde-presidenta/e. Acompañarase coa solicitud a seguinte documentación e, en todo caso, a establecida pola lexislación vixente:

- Indicación da data de concesión da licenza de apertura de establecemento.

- Póliza e recibo de pago do seguro de incendios do local e de responsabilidade civil. Para o caso de ter presentada a póliza será suficiente a presentación do recibo que acredite o seu pago.

- Memoria descritiva dos elementos de mobiliario que se pretende instalar, metros cadrados que ocuparía e no caso das terrazas e número de mesas e cadeiras que se pretenden instalar (agás para o caso de que o solicitante xa presentara memoria os anos anteriores e manteña as mesmas condicións). As mesas e cadeiras adaptaranse as seguintes tipoloxías, sen prexuízo de que se poidan propoñer novos formatos sempre que non superen a ocupación de 6 metros cadrados por mesa e catro cadeiras ou similares:

A) Mesa de 4 cadeiras en diagonal con ocupación máxima de 2,20 x 2,20m.



B) Mesa de 3 cadeiras con ocupación máxima de 2,50 x 1,50 m.
C) Mesa de 4 cadeiras pegada a parede con ocupación máxima de 2,50 x 1,80m.

D) Mesa de 2 cadeiras pegada a parede con ocupación máxima de 2,50 x 0,80 m.

E) Mesa alta de 2 cadeiras con ocupación máxima de 1,80 x 0,60m.

- Xustificante da liquidación realizada da taxa por ocupación de terreos de uso público.

Artigo 17. Número máximo de mesas e cadeiras

O número máximo de mesas e cadeiras por establecemento será de 15 e 60 respectivamente. En Semana Santa, nos meses de xullo e agosto e nas datas na que se celebra a Festa do Verán, poderase autorizar un número maior, previo informe da súa viabilidade pola policía local e previa liquidación da taxa correspondente. Así mesmo, os metros de barra que se autoricen en período de festas contará co informe previo da Policía Local.

Artigo 18. Competencia e outorgamento da licenza

Será competente para o outorgamento da licenza a/o alcalde/sa/alcalde, sen prexuízo das delegacións que se confirán.

Unha vez recibida a solicitude da licenza de ocupación de dominio público, procederase a emitir informe da policía local sobre os efectos que terá sobre a circulación de peóns, os metros cadrados que poden ser ocupados polas terrazas e a distribución das mesas, cadeiras e demais elementos. A Alcaldía poderá solicitar os informes que estime pertinentes.

Artigo 19. Vixencia das licenzas

As licenzas outorgaranse por anos naturais ou meses e deberán solicitarse con anterioridade a súa instalación.

Artigo 20. Limitacións de localización

En terreos de uso público as autorizacións administrativas só se outorgarán en tanto a ocupación destes se adecúe á lexislación vixente, normativa urbanística e demais normas sectoriais que resulten de aplicación. A ocupación de terreos de uso público ten que resultar compatíbel cos intereses xerais. Será a Administración a que, valorando o interese público existente que se manifesta no relativo á seguridade, á non perturbación do medio ambiente ou a aspectos da estética urbana e atendendo tamén ao establecido na presente ordenanza, decida outorgar ou denegar a autorización, o cal fará sempre motivadamente.

1. Para tal efecto, en todo caso, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

- Preferencia do uso común xeral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que a ocupación do espazo público non mingüe a accesibilidade de todas/os as/os cidadás/cidadáns aos espazos destinados a uso público en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.

- Garantía de seguridade viaria e da fluidez do tránsito e a circulación de todo tipo de vehículos.

- Protección da seguridade cidadá.

- Garantía de funcionamento dos servizos públicos, en especial dos de emerxencia.

- Protección do uso, dos dereitos e dos intereses das/os usuarias/os dos edificios lindeiros.

2. O saínte máximo dos toldos respecto ao ancho de beirarrúa será da metade da beirarrúa cun ancho máximo de 3 metros e respectando o arboredo. Altura mínima de gálibo 2,50 metros.

3. A situación dos elementos de mobiliario, que se pretenda colocar no espazo público ocupado deberá deixar libre un ancho mínimo de paso de 1,50 metros nas beirarrúas e de 2,50 metros nas prazas, beirarrúas de máis de 6 metros de ancho e

paseos Estas dimensións poderán ter estreitamentos puntuais a 0,90 metros de paso libre, motivados por elementos de urbanización pública como farois, papeleiras, sinais, rebaixes de beirras ou similares.

4. Nas beirarrúas e prazas cuxo ancho así o permita, priorízase que o paso peonil quede situado no tramo máis próximo ás fachadas dos edificios, favorecendo así a seguridade das/os viandantes. En todo caso, e sen prexuízo do anterior, a distancia do espazo público ocupado co bordo da beirarrúa nunca será inferior a 50 centímetros (50 cm) coa finalidade de non entorpecer a entrada e saída das/os pasaxeiros/os dos vehículos estacionados.

5. Unicamente se autorizará a instalación de elementos móbiles, articulados, retráctiles ou enrolables.

6. Todos os espazos públicos ocupados serán delimitadas pola Policía Local.

7. No caso de establecementos lindantes, o espazo susceptible de ocupación

distribuirase equitativamente entre as/os solicitantes, de acordo co ancho de fachada de cada establecemento afectado.

8. Se a terraza se sitúa pegada á fachada do edificio, deberá quedar libre o espazo para acceder aos inmóbeis lindeiros, cun espazo mínimo de 2 metros frontalmente, e de 0,50 metros lateralmente, e deixando sempre libres as portas de acceso aos inmóbeis.

Artigo 21. Condicións de instalación en zonas de estacionamento (tarimas)

1. Como regra xeral o espazo público a ocupar será na beirarrúa que dá acceso ao establecemento.

2. Excepcionalmente poderase autorizar a colocación de terrazas e outros elementos na zona de aparcadoiro de vehículos para aqueles locais que non dispoñan de espazo en áreas peonís, previo informe da Policía Local, que acredite que se cumpren as medidas de seguridade, en función do tipo de vía pública local en que pretenda situarse. Unha vez instalada a terraza ou tarima o ancho mínimo da calzada non será inferior a 3,50 metros

1. A instalación de tarima será obrigatoria en todas aquelas terrazas que estean situadas en calzadas sobre zonas de aparcadoiro en colindancia co tráfico rodado. A tarima superpoñerá sobre a superficie autorizada, encostada ao bordo da beirarrúa, sen exceder o desnivel deste. En todo caso, deberá supervisarse e informarse pola Policía Municipal.

Será esixíbel ademais un seguro ou póliza que cubra os posibles accidentes ou danos aos usuarios e usuarias das mesmas, así como a delimitación do perímetro da terraza con un valado decorativo que conformen unha protección de seguridade ante posibles eventualidades e que reúna as condicións mencionadas (as proteccións laterais serán móbiles, transparentes e sempre adecuadas ás condicións estéticas da contorna).

2. Estas tarimas serán preferentemente de madeira tratada e disporán dun peche lateral ou varanda. Os biombos e elementos de seguridade das tarimas estarán en consonancia coa tarima e a imaxe global da terraza.

3. Haberá de contar coa limitación de rúidos na vía pública de conformidade coa lexislación acústica vixente en función do horario de peche.

4. Haberá de instalarse unha tarima de madeira ou similar cunha anchura e lonxitude equivalente á superficie para ocupar, dita tarima dispoñerá a cota da beirarrúa existente de tal maneira que se garanta a accesibilidade da terraza que se pretende. A tarima protexerá, en todo o seu perímetro, cun valo protector, sinalizada con reflectores nocturnos no sentido da marcha de circulación de vehículos. En ningún caso poderase



obstruír o paso de augas que circula pola canle existente entre bordo de beirarrúa e viaria. A tarima unicamente terá acceso na dirección da beirarrúa.

5. En todo caso cumpriranse as condicións de protección, seguridade e sinalización que se indiquen.

Artigo 22. Estética

1. As terrazas terán un mobiliario harmónico en todos os seus elementos, especialmente as de cada praza ou rúa entre si.

2. As terrazas de cuberta ou toldo deberán ser móbiles, articulados, retráctiles ou enrolables. Só se admitirán os ancorados á fachada e tamén as antucas de pé. A cobertura debe respectar o arboredo e os corredores de accesibilidade. Os tecidos serán lixeiros fuxindo de acabados plastificados, e en caso de levar publicidade será discreta e pouco rechamantes.

3. Cada terraza estará separada da contigua e delimitaranse por separadores de mobiliario urbano como xardineiras ou cortaventos de cristal que en calquera caso constitúa un cerre perimetral lixeiro e de pouca altura, sendo a altura máxima 1,50 metros, que teña carácter móbil que permita unha retirada fácil e que será instalado polo establecemento (non se permiten ancoraxes ao solo nin estruturas rixidas de suxeición).

Artigo 23. Período da actividade

As terrazas poderán instalarse durante todo o período para o cal teñan autorización, podendo abarcar o mesmo todo o ano.

Artigo 24. Límites de ruído

O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable e en todo caso a lexislación vixente aplicable ao establecemento aberto ao público anexo.

Disposición transitoria

Todas aquelas terrazas que no intre de entrada en vigor desta ordenanza tivesen autorización previa deberán adecuarse á vixente normativa nun prazo non superior aos dez meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición final

A entrada en vigor desta ordenanza producirase pasados quince días hábiles o seguinte da publicación íntegra do seu articulado no BOP de Ourense, tal e como sinala o artigo 70.2 en correspondencia co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

A Rúa, 21 de agosto de 2018. O alcalde.

Asdo.: Luís Fernández Gudiña.

Anuncio

Una vez transcurrido el plazo de exposición pública de la Ordenanza Reguladora de la Ocupación de Dominio Público Local, con Terrazas, Veladores y otros Elementos Análogos con Finalidad Lucrativa, fueron presentadas dos reclamaciones en tiempo y forma al acuerdo plenario adoptado en sesión que tuvo lugar el día 07 de mayo de 2018, de aprobación provisional de dicha ordenanza. Dichas reclamaciones fueron desestimadas por el Pleno de la Corporación por mayoría absoluta en sesión extraordinaria celebrada el día 30 de julio de 2018, procediendo a su aprobación definitiva.

Así pues, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 70.2 del Real decreto legislativo 2/2004, se publica, como anexo a este anuncio, el texto íntegro de dicha ordenanza.

Contra este acuerdo definitivo de aprobación de la ordenanza, los interesados podrán interponer un recurso contencioso-administrativo ante el TSJG en el plazo de dos meses, contados a partir del día siguiente a su publicación”.

A Rúa de Valdeorras, 21 de agosto de 2018. El alcalde.

Fdo.: Luís Fernández Gudiña

Ordenanza Reguladora de la Ocupación de Dominio Público Local con Terrazas, Veladores y otros Elementos Análogos con Finalidad Lucrativa

Exposición de motivos

El importante desarrollo de diferentes sectores económicos (hostelería, floristerías, ferreterías, librerías, etc) en el Ayuntamiento de A Rúa en los últimos años ha provocado que la normativa existente a día de hoy en el término municipal sea obsoleta. Ante esta realidad se presenta la necesidad de ofrecer a las/los titulares de este tipo de instalaciones un marco normativo más amplio del que existe en la actualidad, que recoja las nuevas especificidades de los sectores citados y que permita mayores posibilidades y modalidades de desarrollo de la actividad.

Este documento pretende, al tiempo, introducir precisiones que contribuyan a que las zonas de tránsito público usadas por las vecinas y vecinos sean lugares más modernos, habitables, transitables y humanizados. El objetivo final es mejorar la convivencia ciudadana entre todas las personas que habitan el Ayuntamiento de A Rúa.

Capítulo I. Disposiciones generales

Artículo 1. Objeto

